

**PROXECTO LECTOR  
IES A XUNQUEIRA I  
Curso 2014-15**

**PROXECTO LECTOR  
IES A XUNQUEIRA I  
Curso 2014-15**

## 1- Lexislación:

### **-Decreto 133/2007 do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da ESO:**

-Art 5º.5: “A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro, ao constituír a lectura un factor esencial para o desenvolvemento das competencias básicas”

### **-Anexo V: proxecto lector de centro**

“Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei orgánica de educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.”

O proxecto lector de centro será un documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.

Para a consecución dos devanditos obxectivos, os centros educativos deberán tomar decisións consensuadas que permitan:

\* A existencia dunha biblioteca escolar como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.

\* A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.

\* A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.

\* O desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.

\* O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.

### **Fundamentos.**

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.

**PROXECTO LECTOR  
IES A XUNQUEIRA I  
Curso 2014-15**

*Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.*

*A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.*

*Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora. O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura.*

*Seguimento e avaliación.*

*Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.*

*Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal”.*

## **2.- Análise do contexto**

### **2.1.- O IES A Xunqueira 1**

O I.E.S. “A Xunqueira I” atópase situado na rúa Alexandre Bóveda nº 1, de Pontevedra, dividido en dous edificios que albergan, respectivamente, o pavillón deportivo e as restantes dependencias. Encóntrase nunha zona estudiantil, a carón doutros centros de primaria e secundaria, facultades do Campus de Pontevedra, o CEFORE e a Escola Oficial de Idiomas.

#### **Niveis educativos:**

No IES “A Xunqueira 1” impártense clases a un total de 601 rapazas e rapaces que pertencen aos seguintes niveis educativos:

- a) Educación Secundaria Obrigatoria: Con 93 alumnas e alumnos en 1º ESO e 92 en 2º curso e 77 e 59 en 3º e 4º ESO, respectivamente.
- b) Bacharelato, nas modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde, Humanidades e Ciencias Sociais, e Artes. Cun total de 248 alumnas e alumnos, 140 en 1º e 108 en 2º.
- c) Ciclo Medio de Laboratorio. Con 21 alumnos e alumnas.
- d) Un grupo de FPB de 39 alumnos, que recibe a formación xeral no noso centro e a específica no CIFP A Xunqueira.

En total, o centro posúe vinte e dúas unidades, máis dous grupos para os Programas de Diversificación Curricular, un en 3º e outro en 4º ESO.

O alumnado estranxeiro (nacido fóra de España) supón un 10% do total, na ESO o 11%, no Bacharelato o 9% e nos Ciclos o 8%; os seus países de orixe son moi variados: Brasil, Arxentina, Colombia, República Dominicana, Cuba, Chile, Paraguai, Perú, Uruguai, Venezuela, México, China, Marrocos, Suíza, Alemaña, Andorra, Francia e Portugal.

#### **Profesorado:**

O noso IES conta con 59 profesores e profesoras agrupados en 20 departamentos didácticos:

#### **Proxectos:**

O profesorado e/ou o alumnado do instituto a A Xunqueira 1 participa nos seguintes programas e actividades educativas:

- Plan Proa
- Contrato-programa
- Comenius
- Intercambio Marsella

- Seccións bilingües
- Plan Proxecta
- Club de lectura “A Esmorga”
- Aula de teatro
- Banda de música “A Xunqueira 1 división musical”
- Coro do instituto
- Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra
- Revista Xuncos
- Plan de Formación Permanente do Profesorado


**Réxime de permanencia:**

Tendo en conta o número de unidades e as características diversas do seu horario, o ensino impártese en réxime de xornada partida. O alumnado da ESO procedente da zona de Campo Lameiro fai uso do comedor escolar na xornada do luns, mentres que o alumnado da zona de Campañó vese obrigado a utilizar o transporte escolar catro veces nese día. A fin de evitar tantos desprazamentos e por necesidades de espazo, procúrase concentrar a maior parte das horas lectivas durante as mañás; por iso, entre as nove e as catorce horas trinta minutos, cun recreo de media hora ás 11: 30 horas, todos os cursos asisten a seis sesións de clase de 50 minutos. As restantes para completar os seus horarios sitúanse nas tardes do luns, a excepción dos grupos do Ciclo Medio, que presentan características especiais.


## 2.2.- Enquisa sobre os hábitos lingüísticos do alumnado

De seguido, expóñense os resultados da enquisa, levada a cabo no curso 2007-08 polo Equipo de Normalización Lingüística coa colaboración do Departamento de Matemáticas, sobre os hábitos lingüísticos do alumnado, a cal pode considerarse aínda válida a grandes trazos.


Lingua na que aprendiches a falar




Lingua falada habitualmente na casa



Lingua usada habitualmente



Lingua usada habitualmente na escola



## 2.3.- Resultados do Cuestionario sobre Hábitos de Lectura do alumnado.

No curso 2007-08 elaborouse unha enquisa sobre os hábitos de lectura do alumnado do instituto que se pasou a todos os niveis educativos. Da análise dos resultados, pódense deducir algunhas observacións interesantes, como por exemplo:

- Entre o 42 e o 45% le polo pracer de ler, porque lle gusta ler en xeral
- Case o 55% vai á biblioteca do instituto, pero só un 2,74% consulta as enciclopedias e moitos, preto do 30%, entra en internet
- Un 45,99% ten como tema preferido de lectura as aventuras
- Un 32% prefire o cómic, o que podería xustificar a incorporación dun apartado de Banda Deseñada á biblioteca e mesmo a suscripción a algunha revista relacionada.

Gústame ler en xeral	45,26%
Falo cos meus amigos/as dos libros que leo	23,91%
En vacacións gústame ler	33,39%
Consulto o dicionario cando non entendo algunha verba	37,04%
Leo máis libros dos que me mandan ler	33,39%
Cando teño cartos, merco algún libro	13,50%
Canto leo a semana:	
Diariamente	27,37%
Dúas ou tres veces ao día	21,53%
Nunca	28,83%
Vou á biblioteca do Instituto:	54,93%
A estudar	34,85%
A consultar enciclopedias	2,74%
A conectar con Internet	28,47%
Tipo de lecturas preferidas:	
Aventuras:	45,99%
Policíaca	20,62%
Fantástica ou Ciencia Ficción	38,69%
Realista	27,01%
Histórica	13,87%
Biografías	5,84%
Banda deseñada	31,93%
Leo porque me obrigan na clase	35,04%
Leo para saber máis sobre determinados temas	16,42%
Leo porque me gusta identificarme cos personaxes do libro	10,04%
Leo por diversión ou entretemento	42,34%

## 2.4.- Achegas dos departamentos didácticos ao Proxecto Lector

Revisadas as programacións didácticas dos departamentos para o curso académico 2014-15, atopamos diversas aportacións ao proxecto lector, que resumimos a continuación:

- Lectura de diversos textos:

- Lectura do libro de texto da materia coa axuda do profesor/a para a comprensión do mesmo.
- Lectura de textos diversos (libros, artigos,...) relacionados coas materias.
- Lectura de textos literarios, de biografías,...
- Lectura dramatizada de obras teatrais na clase.
- Lectura da prensa diaria en clase.

-Elaboración de textos por parte do alumnado

- Transformación de textos en colaboración cos departamentos de línguas estranxeiras. Ditos departamentos aportan letras de cancións de onde os alumnos/as extraerán conceptos que representarán plasticamente nas diferentes materias impartidas polo departamento de debuxo
- Realización de guións de banda deseñada, fotonovela, corto de vídeo, montaxe de diapositivas, presentacións de Power Point, etc.
- Narracións feitas polos propios alumnos e alumnas.

-Actividades relacionadas coa competencia comunicativa/lectora

- Realización de encrucillados, sopas de letras, acrósticos...
- Xogo do Trivial ou do Pasapalabra sobre conceptos relacionados coa materia.
- Traballo con cancións: música, letra, significados...
- Teatro: facendo dos textos un motivo de participación e integración de todo o alumnado na aula.
- Cinefórum.
- Realización de traballos sobre: anuncios gráficos, publicidade escrita ou recollida dos medios de comunicación (radio, televisión, Internet,...).



## **3.- A Biblioteca**

### ▪ ESPAZOS E INSTALACIÓNS

- A biblioteca está situada preto da entrada do centro.
- Ten fácil acceso para toda a comunidade educativa.
- É un espazo amplo con iluminación natural.
- O mobiliario permite a flexibilidade necesaria para poder modificar a distribución do espazo segundo a actividade que se realice.
- Presenta diferentes zonas/espazos/elementos:
  - zona de estudo, que ocupa a maior parte do espazo, con mesas e cadeiras,
  - zona de ordenadores: 4 ordenadores con conexión a internet,
  - mesa do profesorado: ordenador e impresora,
  - andeis de libros,
  - expositor de revistas e novidades,
- Os libros son de fácil localización, pois atópanse en andeis separados por materias, seguindo a CDU.
- Existe unha guía cos fondos da biblioteca que tamén se pode consultar en internet, na páxina web do centro.
- Parte dos seus fondos está repartida por diferentes aulas, departamentos e unha aula de vídeo que funciona como videoteca.
- No curso pasado adaptouse un espazo do instituto como lugar de lectura informal.
- Desexamos acondicionar unha zona para que o alumnado poida elaborar traballos en equipo con medios necesarios.

### ▪ USO E FUNCIONAMENTO

- Un dos obxectivos do proxecto lector é incrementar o interese polo uso da biblioteca por parte da comunidade educativa, de xeito que non só sirva para o préstamo de libros e películas, senón tamén para a realización doutras actividades relacionadas co fomento da lectura.
- Horario de utilización: a biblioteca mantense aberta durante toda a xornada escolar e ademais en horario de tarde. O acceso é libre para calquera persoa da comunidade educativa.
- Horario de préstamos: durante os recreos, todos os días de 11:30 a 12:00h. Os DVD só os venres, agás cando o requira algún profesor.
- Actividades que se realizan habitualmente na biblioteca:
  - exposicións de traballos do alumnado, fotografías das saídas complementarias e extraescolares
  - actividades de contacontos
  - reunións da CCP, do Consello Escolar, da ANPA
  - reunións do club de lectura e do equipo de apoio da biblioteca
  - lectura e consulta de libros
  - estudo
  - consultas en internet
- Dous profesores son responsables da súa xestión: fichar, ordenar, facer préstamos, dar altas e baixas,...

-Non contamos con bibliotecario/a, pero si cunha responsable das actividades da biblioteca, a profesora Loli Cruz, que recibe a colaboración dun equipo de apoio e a supervisión do Equipo Directivo.

#### **4.- Obxectivos do Proxecto Lector**

- 1- Desenvolver a competencia lectora do noso alumnado
- 2- Favorecer a competencia literaria
- 3- Educar no uso crítico da información
- 4- Fomentar o hábito da lectura
- 5- Apoiar a adquisición das competencias básicas, especialmente:
  - comunicación lingüística
  - tratamento da información e competencia dixital
  - competencia cultural e artística
  - competencia para aprender a aprender

O Proxecto Lector é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. É a referencia para a programación do **Plan Anual de Lectura**, que se incorpora cada ano á programación xeral anual do centro.

#### **5. Actividades**

Dentro do Proxecto Lector, establecemos tres grandes liñas de traballo, ou actividades-marco

- **Actividades de educación documental e de formación de usuarios/as**
- **Fomento do hábito de lectura en todas as áreas**
- **Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas**

Para cada curso, no correspondente Plan Anual, concretaranse actividades que desenvolverán eses aspectos.

##### **5.1.- Actividades do Plan Anual: Curso 2014-15**

- **Optimización do espazo da biblioteca**

- Distribución do espazo da biblioteca de xeito que se facilite o acceso aos libros: estanterías abertas... ; e ás revistas: expositor...
- Desenvolvemento e ampliación do apartado de igualdade de xénero na biblioteca, incluíndo coeducación, educación afectivo-sexual...
- Creación de biblioteca de aula no Ciclo Formativo Superior de Educación Infantil.
- Adecuación e mellora das distintas zonas da biblioteca: informática, estudo, lectura de prensa e banda deseñada...

- **Actividades de educación documental e formación de usuarios/as**

- Coñecer a biblioteca do IES A Xunqueira. Visitas do alumnado, charlas informativas: normas de uso, CDU, colocación dos libros... Esta actividade realizarase no primeiro trimestre do curso.
- Sinalización de espazos da biblioteca.
- Actividades específicas para aprender a practicar a búsqueda de libros na biblioteca.
- Propoñer tarefas de aprendizaxe onde se teñan que consultar libros da biblioteca dun xeito guiado.
- Visitas a outras bibliotecas da cidade: universidade, biblioteca pública.
- Obradoiro de reparación de libros/materiais deteriorados.

- **Fomento do hábito de lectura (en todas as áreas)**

- Presenza da prensa nas aulas, sobre todo nos cursos de bacharelato e ciclos formativos.
- Oferta atractiva de libros e revistas: na biblioteca, no taboleiro do corredor...
- Elaboración de boletíns, guías de lectura, marcapáxinas.
- Entrega dunha proposta de libros de lectura cos boletíns de nota.
- Actividades para as horas de garda relacionadas coa lectura e a escritura. Elaborar un dossier que conteña diversas actividades breves (tipo crucigramas, enigmas, problemas de lóxica, xogos de palabras...), e poñelo a disposición do profesorado de garda.
- Club de lectura.
- Actividades na biblioteca: contacontos, xogos, charlas...
- Utilizar a biblioteca para impartir algunha clase, así como para os días ou momentos adicados á lectura.
- Estender o uso da biblioteca por parte das familias
- Elaboración dunha guía de orientación para o fomento da lectura dirixida ás familias.
- Creación dun taboleiro informativo.

- **Ensinanza de estratexias de comprensión lectora (en todas as áreas)**

- Actividades específicas de comprensión lectora: elaborar e distribuír un guión dirixido ao profesorado sobre como traballar a comprensión lectora nos textos relacionados coa súa materia.

## ANEXO

### CLUB DE LECTURA “A ESMORGA”. IES A XUNQUEIRA I (PONTEVEDRA)

#### PROXECTO PARA O CURSO 2014-15

##### BREVE HISTORIA

O club de lectura "A Esmorga" creouse no curso 2007-08. Desde entón, curso tras curso, foi medrando e aumentando a súa presenza na vida do centro. Como dato significativo, cabe lembrar que se comezou con dous grupos de alumnos/as, e durante o curso pasado estiveron funcionando catro grupos na ESO. Ademais, aumentou a implicación do profesorado, xa que agora participan diferentes departamentos didácticos, non exclusivamente os de lingua galega e lingua castelá.

Para cinguirnos á historia máis recente, podemos lembrar, a modo de exemplo, que, durante o curso anterior, o alumnado de 1º da ESO foi o máis entusiasta á hora de participar. Procurouse relacionar as actividades do Club de Lectura coa programación do curso e, para isto, as obras de Agustín Fernández Paz foron moi interesantes. A primeira obra de lectura foi **Aire negro** mentres no curso lían **Cartas de inverno**. A literatura de misterio, de medo ou de terror, como queira chamárselle, atrapounos. Realizaron sobre as obras resumos, ilustracións, finais alternativos, posibles continuacións... Por iso, de seguido se escolleron os contos de Poe. Elaborouse un libro, con traducións dos seus contos acompañadas de ilustracións baixadas de distintas páxinas de Internet que puidesen servir de fitos de lectura e fosen do seu agrado. Puideron ver en horas de garda, clase e recreos curtametraxes, contacontos e mesmo escoitaron cancións ou composicións musicais inspiradas nos relatos ou poemas que eles leran. Organizouse unha exposición audiovisual na biblioteca dedicada ó autor. Mais non quedou aí: foron animados a ver obras cinematográficas relacionadas co misterio e responderon a algunha ficha de control sobre **Os outros**, **O sexto sentido**, Frankenstein ou Drácula. E, ó mesmo tempo, na clase lían relatos de Maupassant, Horacio Quiroga, Fole, Dieste, Méndez Ferrín...

Polo que se refire ao alumnado de Bacharelato, o máis destacable foi a charla que impartiu aos seus compañeiros de clase Marcus D. Cabada, alumno do noso centro e autor dobremente galardoado pola súa obra **Triste escarlata**, da cal se fai unha reseña na revista do centro, **Xuncos**, e no blog da nosa biblioteca; e a creación dunha “Aula de teatro” na cal participaron algúns pais.

O alumnado participante no club de lectura participou, asemade na representación do **Tartufe**, de Molière; na celebración dun contacontos (baseado en textos de Castelao, Dieste, Cunqueiro, Sechu Sende...); na asistencia a diversas representacións teatrais ou conferencias (sobre Xosé Neira Vilas, Ramón de Valenzuela, Xosé María Díaz Castro...); en concursos de microrrelatos, marcapáxinas...; en lecturas públicas na biblioteca (de **La ladrona de libros**, por exemplo), na visita a exposicións, museos, arquivos...

Así, pois, ano tras ano vimos modificando cousas, introducindo novas actividades e axustando obxectivos. A valoración positiva da experiencia de todos os participantes, tanto profesorado como alumnado, fai que, en xeral, todos manifesten o seu desexo de continuar.

##### FINALIDADES. RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR DO CENTRO E A BIBLIOTECA ESCOLAR

Propoñémonos estes 5 obxectivos, concretos e alcanzables, mais non por iso pouco importantes:

\* Ofrecer ao alumnado a posibilidade de compartir a lectura con outras persoas de igual idade.

\* Facilitarlle a comunicación cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquiredanzas, opinións, emocións e descubrimentos, tendo como fío condutor un libro, unha lectura.

\* Favorecer a percepción da lectura como unha actividade de lecer, de entretemento, afastándonos da idea da lectura como imposición.

\* Proporcionar unha selección de textos interesantes, motivadores, de temáticas diversas, facilitando o seu acceso ao alumnado.

\* Desenvolver habilidades de interacción grupal: capacidade de diálogo, escoita activa, respecto ás opinións e puntos de vista diferentes, elaboración de ideas propias...

Sobre todo, e máis que nada, gozar neste achegamento aos libros dun xeito compartido, convertendo a lectura nunha actividade lúdica e, ao mesmo tempo, educativa.

O Club de Lectura “A Esmorga” é unha das actividades principais do noso Proxecto Lector, e contribúe a fomentar a lectura e a escritura, e a adquirir as competencias básicas.

### ACTIVIDADES PREVISTAS

A actividade principal do club de lectura consiste en compartir as experiencias lectoras dos alumnos e alumnas participantes coa mediación dun profesor ou profesora encargado de conducir o proceso.

Na escollo dos textos temos en conta a diversidade de xéneros literarios e a lingua, alternado textos en galego e castelán, e tendo sempre presente aspectos esenciais da formación do noso alumnado, como a educación para a igualdade de xénero. No presente curso, intentaremos introducir lecturas en inglés e francés nalgúns grupos de alumnos, procurando que estean adaptadas ós seus respectivos niveis.

O profesor José Manuel Ramos impartirá algunha charla sobre creación literaria, aproveitando a súa experiencia como narrador -e gañador de varios premios-, ensaísta e divulgador da obra de diversos autores, como Guy de Maupassant, Roald Dahl ou Fredric Brown por medio de páxinas web, libros e artigos.

Ademais realizaremos actividades complementarias ás lecturas, dirixidas a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) co obxectivo de motivar e animar á lectura. Algunhas delas son:

-realización de actividades artísticas, como a elaboración de ilustracións, o deseño de portadas, a audición de seleccións musicais... relacionadas co libro que se está a ler, acompañadas da súa exposición e divulgación no centro;

-lecturas teatralizadas ou representacións teatrais;

-presentación por parte do alumnado que forma parte do club do libro aos compañeiros/as da súa clase;

-creación literaria: inventamos un novo final para o libro, escribimos o argumento dunha posible “segunda parte”, facemos crítica literaria...;

-investigación sobre a autoría, ou sobre a súa época histórica;

-visionado e posterior debate de películas ou documentais relacionados cos temas de lectura, convidando a participar ás familias e ao persoal non docente;

-invitación de escritores ou escritoras para coñecerlos/as e ter a posibilidade de compartir opinións sobre algunha das súas obras;

-visitas á Biblioteca Pública de Pontevedra e á Biblioteca da Universidade;

-actividades para celebrar o 23 de abril e o 17 de maio (concurso de microrrelatos, poesía...);

-“Reciclaxe literaria”;

-“Libro por libro”.

Todas as actividades serán avaliadas tanto polo profesorado como polo alumnado, os cales decidirán sobre a súa continuidade e aportarán propostas de mellora de cara ao vindeiro curso. Este ano tamén haberá premios aos mellores traballos sobre as lecturas realizadas.

## COMPOSICIÓN E NÚMERO DE PARTICIPANTES. IMPLICACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO

**Formamos tamén parte do club de lectura 12 profesores e profesoras do centro,** pertencentes a distintos departamentos didácticos:  
Laureano Aragunde (Lingua Galega e Literatura),  
Julia Verdullas (Lingua Castelá e Literatura),  
Mar Martín (Latín),  
José Manuel Ramos (Matemáticas),  
Flora García (Orientación),  
Manuel Reboredo (Ciencias Sociais),  
Xan Riobó (Lingua Galega e Literatura),  
Mar Rúa (Lingua Galega e Literatura),  
Antonio Couso (Matemáticas),  
María Luísa Vilanova (Matemáticas),  
Carmina Aguado (Lingua Inglesa),  
Loli Cruz (Grego).

Ademais, agardamos contar cos lectores ou auxiliares de conversa en lingua estranxeira para que fagan cos seus alumnos lecturas adaptadas ao nivel de cada curso, como xa realizaron no curso anterior. Este ano, así mesmo, procuraremos poñer en marcha, ademais dos tradicionais clubs de lectura en lingua galega e lingua castelá, outro dedicado ás matemáticas.

Este curso o nivel de participación do alumnado é, outra vez, moi alto. Inicialmente o **número de alumnos e alumnas participantes é de 90.**

Os grupos non son pechados, de maneira que se pode incorporar alumnado e profesorado ata finais do mes de outubro e incluso máis adiante, de observarse un interese serio por parte dalgún alumno ou alumna.

## COORDINADOR

O coordinador será Laureano Aragunde, profesor do departamento de Lingua Galega e Literatura.

## FORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO PREVISTAS

Na lectura compartida dos libros, o profesorado participa cunha función mediadora e de facilitación. Nunha primeira sesión o profesor presenta o libro que se vai ler, trata sobre o seu autor ou autora, expón o esencial do seu deseño gráfico ou a súa estrutura, e establece un número determinado de páxinas ou capítulos para comentar na seguinte reunión. Nas seguintes sesións coméntase o lido, compartindo as opinións, as emocións, os descubrimentos... que suxire o texto, e realízanse diversas actividades complementarias sobre a lectura (comentadas arriba). O alumnado disporá dun caderno individual para anotar as observacións que lle suxira a lectura, redactar resumos ou crear ilustracións. Estes encontros realízanse principalmente na aula do club de lectura e na biblioteca do centro, aínda que se pode acudir á aula de vídeo ou a algún departamento en caso necesario.

Algunhas actividades, como o visionado de películas ou documentais relacionados cos libros, a visita á biblioteca ou a invitación dalgún autor/a, realizaranse, se é posible, fóra do horario lectivo, facilitando así a asistencia de persoas que non participan no club (profesorado, alumnado, persoal non docente, familias).

Así, pois, o equipo coordinador ocuparase de:

-promover a participación do alumnado;

- seleccionar as lecturas e conseguir os exemplares necesarios;
- dinamizar as lecturas, facendo de guía, moderando os encontros e realizando actividades complementarias;
- avaliar o resultado e propoñer ideas para a mellora do funcionamento do club.

### HORARIO E CALENDARIO PREVISTOS PARA AS REUNIÓNS DE CARÁCTER PRESENCIAL

A actividade durará todo o curso. En setembro procédese a anotar o alumnado e o profesorado disposto a participar. A principios de outubro celébrase a primeira reunión do profesorado co coordinador, a adxudicación de grupos e o horario de uso da biblioteca ou a aula do club de lectura. De seguido, cada profesor responsable escollerá os libros de lectura, de acordo co coordinador e procederá ó desenvolvemento das actividades do club de lectura. **Os grupos de lectura reuniranse no tempo do recreo (11:30 a 12:00) unha vez por semana, cada grupo nun día diferente, como dixemos, na biblioteca do centro, na aula especial do club de lectura, na aula de vídeo ou, excepcionalmente, nalgún departamento.**

### MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR

Parécenos moi importante difundir a actividade e facilitar a participación voluntaria de todos os alumnos e alumnas. Para isto contamos cos seguintes recursos:

- a colaboración de todo o profesorado do centro, en especial das titoras e titores, animando e motivando ao alumnado a participar;
- o enlace do blog do “club de lectura” ([aesmorgaxunqueira1.blogspot.com](http://aesmorgaxunqueira1.blogspot.com)) na páxina web do centro, [www.iesxunqueira1.com](http://www.iesxunqueira1.com), dentro do apartado da biblioteca;
- o taboleiro de novidades para informar sobre os libros que se van ler, dando a posibilidade de que se incorporen novos lectores;
- os carteis nas aulas e na cafetería;
- o aproveitamento da asistencia de alumnado que non forma parte do club ás actividades complementarias para animalo a participar;
- as exposicións de actividades de creación plástica, musical... do alumnado relacionadas coas lecturas;
- a participación e colaboración desde o club de lectura na revista do noso centro: **Xuncos**.